
Inauguración do Centro de Supercomputación Complutense (CSC)

- Actualizado (17.11.2005)

O vindeiro 4 de Novembro o Rector da UCM inaugurará o Centro de Supercomputación Complutense. Este Centro prestará servizo nas áreas de cálculo intensivo, visualización avanzada, e realidade virtual. Ademais o Centro ofrecerá formación e soporte nas devanditas áreas ós investigadores e á industria.

O esforzo da Universidade Complutense apoiado pola Unión Europea fixo posible o nacemento deste Centro que pon ó alcance da Universidade e da Industria equipamento de Cálculo e Visualización Avanzada na zona Centro do Estado.

Os investigadores da Universidade e da Industria disporán de equipamento de cómputo superior en prestacións ó previamente accesible e dun Centro capacitado para promover e dar soporte nas técnicas de simulación e visualización avanzadas.

Segundo o propio CSC, o seu principal obxectivo é que a universidade e a industria acaden ventaxas competitivas na investigación e desenvolvemento mediante o emprego rutinario das técnicas de paralelización, simulación, visualización e rendering en tempo real e as tecnoloxías de realidade virtual.

En representación do CESGA acudirá ó acto de inauguración, presidido polo rector da UCM, o Subdirector Técnico do CESGA, D. Ignacio López Cabido.

Para coñece-lo detalle dos recursos cos que contará o Centro de Supercomputación Complutense visite o sitio <http://www.csc.ucm.es>